

21841 *LEI ORGÁNICA 17/2003, do 28 de novembro, de medidas para a celebración simultánea das eleccións ó Parlamento Europeo e do referendo sobre o proxecto de Constitución europea.* («BOE» 286, do 29-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Entre as institucións de democracia directa previstas no noso ordenamento, como vías que habilitan o exercicio do dereito fundamental á participación política dos cidadáns, na súa vertente non representativa, dereito recoñecido no artigo 23.1 da Constitución, a institución do referendo consultivo revélase como unha das manifestacións capitais.

Recoñecido e regulado nas súas directrices básicas polo artigo 92 da Constitución, e desenvolvido o seu réxime pola Lei orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, reguladora das distintas modalidades de referendo, o tempo transcorrido aconsella atender ó perfeccionamento do referendo consultivo mediante o reexame dalgunhas determinacións polas que actualmente se rexe.

II

A importancia da futura Constitución europea fai aconsellable despexar calquera dúbida respecto ó apoio dos cidadáns ó seu contido, mediante o recurso da súa participación directa a través dun referendo nacional. Non cabe dúbida de que se trata dunha decisión política de especial transcendencia que fai aconsellable a consulta popular.

Así mesmo, o próximo mes de xuño terán lugar as eleccións ó Parlamento Europeo, institución representativa da soberanía popular, sendo a data da súa realización unha ocasión propicia para facelas coincidir coa consulta popular sobre a futura Constitución europea.

Neste sentido, o Pleno do Congreso dos Deputados, en sesión celebrada o pasado día 1 de xullo, aprobou unha resolución pola que se instaba o Goberno a convocar un referendo co fin de que os cidadáns se poidan pronunciar sobre o proxecto de Constitución europea, adoptando as medidas necesarias para que se poida realizar na data das próximas eleccións europeas.

III

No noso ordenamento xurídico, a regulación das distintas modalidades de referendo está recollida na Lei orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, que desenvolve o disposto no artigo 92 da Constitución. En particular, no artigo 4.2 da citada lei orgánica establécese a imposibilidade de simultanear convocatorias de eleccións parlamentarias cun referendo consultivo.

Por tanto, faise necesaria a modificación que, co mesmo rango normativo de lei orgánica, permita a celebración simultánea de eleccións ó Parlamento Europeo e dun referendo consultivo sobre o proxecto de Constitución europea.

Esta modificación abórdase a través dunha específica lei orgánica, xa que deste modo se atende á concreta situación presentada, que é de carácter singular e que só se pode producir nunha data determinada, isto é, o día da realización de eleccións ó Parlamento Europeo. Do mesmo modo, non se altera a regulación xeral establecida pola Lei orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, nacida con vocación de permanencia, limitándose a levanta-lo impedimento que supón para materializar unha vontade política neste concreto suposto, probablemente non previsto no seu día polo lexislador.

Artigo único. *Realización simultánea.*

1. O referendo consultivo que, se é o caso, se convoque no ano 2004 en relación co proxecto de Constitución europea, poderá ter lugar na mesma data que as eleccións do Parlamento Europeo.

2. Agás o previsto nesta lei orgánica, a convocatoria e realización do referendo rexerá polo establecido na Lei orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, reguladora das distintas modalidades de referendo

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

21842 *LEI 50/2003, do 28 de novembro, sobre concesión dun crédito extraordinario para atende-lo pagamento de axudas sociais a persoas afectadas pola hepatitis C como consecuencia de teren recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público, por importe de 19.833.396 euros.* («BOE» 286, do 29-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crédito extraordinario está destinado a dota-los recursos necesarios a fin de atende-lo pagamento de axudas sociais ás persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas que desenvolvesen a hepatitis C como consecuencia do tratamento recibido con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público.

A Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no seu artigo 80

«Axudas sociais ós afectados pola hepatite C», dispuxo que o Goberno no prazo de cinco meses elaborará un censo de persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas que desenvolvesen a hepatite C como consecuencia de recibiren tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público, dispoñendo que os criterios de inclusión no censo sexan determinados por un comité técnico, no seo do Ministerio de Sanidade e Consumo.

O censo debíase elaborar a partir dos datos subministrados polos centros sanitarios públicos e ser xestionado por unha comisión creada para o efecto no Ministerio de Sanidade e Consumo, na cal participasen as asociacións de afectados e os técnicos designados. Unha vez publicado o censo, dispoñíase dun prazo de dous meses para que se lle incorporasen aquelas persoas que non figurando nel presentasen as achegas documentais requiridas.

O censo definitivo foi aprobado pola Comisión Xestora o 21 de novembro de 2000, cifrándose en 735 afectados.

As persoas incluídas no censo definitivo terán dereito a unha axuda social, coas condicións e na contía que determine unha lei para o efecto.

A Lei 14/2002, do 5 de xuño, pola que se establecen axudas sociais ás persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas que desenvolvesen a hepatite C como consecuencia de teren recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público, e outras normas tributarias, cuantifica estas axudas, no seu artigo 2 «Axudas sociais», en 18.030,36 euros por beneficiario, sendo a percepción desta axuda compatible coa de calquera pensión pública que o beneficiario tivese dereito a percibir.

O artigo 3.2 da Lei 14/2002, do 5 de xuño, establece que as persoas que se consideren beneficiarias poderán solicitar no prazo de catro meses, a partir da entrada en vigor do regulamento desta lei as axudas que lles poidan corresponder.

A disposición adicional primeira da Lei 14/2002 establece que regulamentariamente se establecerá que poidan percibir as axudas establecidas no artigo 2 da lei as persoas hemofílicas ou con outras coagulopatías conxénitas que desenvolvesen a hepatite C como consecuencia de teren recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no sistema sanitario público, e non figuren incluídas no censo definitivo do artigo 80 da Lei 55/1999, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, debido a circunstancias obxectivas e debidamente acreditadas.

O Real decreto 377/2003, do 28 de marzo, polo que se regula o procedemento para a tramitación e concesión das axudas sociais ás persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas, que desenvolvesen a hepatite C como consecuencia de teren recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público, desenvolve o previsto no artigo 3.2 e na disposición adicional primeira da Lei 14/2002, do 5 de xuño.

Coa finalidade de dota-los recursos necesarios para o aboamento destas axudas sociais, tramítase este crédito extraordinario, de acordo co Consello de Estado, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 19.833.396 euros á sección 26 «Ministerio de Sanidade e Consumo», servizo 07 «Dirección Xeral de Saúde Pública», programa 413C «Sanidade exterior e planificación e coordinación da saúde pública», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 48 «A familias e ins-

tituções sen fins de lucro», concepto 484 «Para o pagamento de axudas sociais a enfermos con hepatite C por teren recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público (Lei 14/2002)».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior financiarase con cargo ó crédito 35.01.634A.500 «Fondo de contingencia de execución orzamentaria. Artigo 15 da Lei 18/2001», de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

21843 *REAL DECRETO LEI 7/2003, do 28 de novembro, polo que se concede un suplemento de crédito a fin de conseguir unha dispoñibilidade adecuada de recursos para o pagamento das bolsas e axudas de carácter xeral correspondentes á convocatoria 2003/2004, por importe de 50 millóns de euros. («BOE» 286, do 29-11-2003.)*

O suplemento de crédito está destinado a dota-los recursos necesarios para atender o pagamento das bolsas e axudas ós estudantes dos distintos niveis educativos, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, que lle encomenda ó Estado o establecemento, con cargo ós orzamentos xerais, dun sistema xeral de bolsas e axudas ó estudo que garanta condicións de igualdade no exercicio do dereito á educación.

En cumprimento deste mandato, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte convoca cada curso escolar distintas modalidades de bolsas e axudas ó estudo dirixidas ós estudantes dos diferentes niveis educativos e dota anualmente nos orzamentos xerais do Estado un crédito específico, o 483.01 dentro do programa 423A «Bolsas e axudas a estudantes», co que facer fronte a aquelas, imputándose o custo de cada convocatoria a dous exercicios consecutivos, como consecuencia de non coincidi-lo curso lectivo co ano natural.

As distintas convocatorias de bolsas fixan o procedemento para poder ter acceso ás axudas ó estudo, en función da cuantificación da renda das familias que presentasen declaración ou solicitude de devolución polo imposto sobre a renda das persoas físicas. Para estes efectos, o número de solicitudes que de acordo coa normativa vixente se presentaron nas últimas convocatorias e que acreditan ter dereito ás axudas contidas nelas foise incrementando de forma paulatina desde o curso